## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 5 DA CORUÑA

*EDICTO (PO 710/2015).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, letrada da Administración de xustiza do Xulgado do Social número 5 da Coruña, fago saber que no procedemento ordinario 710/2015 deste xulgado do social, seguido por instancia de Ana Franco Rodríguez contra Lomesan, Obras, Servicios y Reformas, S.L.U., sobre ordinario, ditouse sentenza cuxa resolución di:

«Que debo estimar e estimo a demanda que en materia de cantidade foi interposta por Ana Franco Rodríguez contra a entidade Lomesan, Obras, Servicios y Reformas, S.L.U. e, en consecuencia, debo condenar e condeno a entidade Lomesan, Obras, Servicios y Reformas, S.L.U. a que aboe ao demandante a cantidade de 2.427,84 euros brutos, por salarios devindicados en maio e xuño de 2015, con inclusión de parte proporcional de pagas extra, e compensación económica por vacacións non gozadas, incrementadas no xuro do 10 % por demora e aplicable aos conceptos salariais.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber que contra ela non cabe interpoñer recurso ningún. Así por esta a miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma a Lomesan, Obras, Servicios y Reformas, S.L.U., en ignorado paradoiro, expido o presente edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

A Coruña, 24 de novembro de 2016

A letrada da Administración de xustiza

CVE-DOG: 703vpkl0-lca0-ldj1-wty0-yg4obasopdf9